XUÑ 2022
Nº 5
Actualidade
EN Ca Miño
www.concellodemino.gal
Depósito legal: C1771-2020

URBANISMO
Mellora da mobilidade coa alternativa de Monte Piñeiro **Páx. 6**

MEDIO AMBIENTE
Costas recuperará o espazo dunar da Praia Grande **Páx. 7**

PRAIAS
Máis contratacións para a temporada de verán **Páx. 14**

SERVIZOS SOCIAIS
O Roupeiro Municipal, iniciativa novidosa e de éxito **Páx. 18**

Éxito total do Bolo Mariñeiro, que chega para quedarse

A gastronomía de Miño conta, desde este ano, cun novo prato estrela: o Bolo Mariñeiro. Esta receita, feita con produtos de proximidade, naceu nos obradoiros de 'Cociña mariñeira', dirixidos á hostalaría do municipio. Durante as clases os participantes, comandados polo chef Antonio Amenedo, crearon este exquisito bolo, composto por pan artesán recheo de crema feita a base de cebola chata, ameixas ou berberechos da ría. O Bolo Mariñeiro triunfou de xeito rotundo na súa presentación pública no parque da Rúa e á que asistiron ducias de persoas. **Páx. 12-13**

Asistencia masiva ao showcooking do parque da Rúa

Costa Miño contará pronto coa agardada superficie comercial

O Concello sacou a licitación a parcela de Costa Miño que se adicará á instalación dunha superficie comercial, resolvendo así a falta dun establecemento que dea este servizo, unha demanda dos veciños e veciñas da urbanización. **Páx. 3**

O remanente permite usar 1,4 millóns de euros para obras

A xestión da economía municipal levada a cabo polo goberno local nos últimos anos xerou un remanente de tesourería de 1,8 millóns de euros, dos que agora se usarán 1,4 millóns de euros para realizar obras en todo o municipio. **Páx. 5**

Miño reivindica o seu compromiso co emprego dando luz verde a 'Artabroemprende 3'

A iniciativa conta con dous módulos: un de xardinería de espazos urbanos e outro de mellora dos montes

O Concello de Miño continúa a súa aposta en firme por impulsar a formación e a inserción laboral das persoas desempregadas.

Nesta misión, os obradoiros duais de emprego están sendo unha gran ferramenta para ampliar os coñecementos e as competencias formativas dos participantes e, ao mesmo tempo, levar a cabo accións de mellora na localidade.

En colaboración cos municipios de Cabanas, Monfero, Paderne e Pontedeume, o goberno local de Miño xa puxo en marcha a terceira edición do programa 'Artabroemprende', onde exerce de promotor e coordinador por terceiro ano consecutivo.

En cada edición, a iniciativa abarca a formación dos inscritos a través de dous módulos diferenciados: un destinado á xardinería en espazos urbanos e outro adicado a mellora dos montes. En total son 20 as prazas dispoñibles e o vínculo laboral esténdese ao longo de 12 meses.

O consistorio asinou o acordo para a terceira edición de 'Artabroemprende'

Aínda que a segunda edición está en marcha, o consistorio local xa asinou un novo acordo para continuar ofrecendo esta alternativa a súa poboación desempregada.

"Agardamos que os resultados sigan a ser tan satisfactorios xa que, ademais de ampliar os coñecementos e capacidades das persoas que participan nesta iniciativa, increméntase súa empregabilidade con novos postos de traballo", destacou Manuel Vázquez Faraldo durante o acto de presentación.

O alumnado do último obradoiro está a realizar melloras de xardinería na zona de descanso do Camiño Inglés, en Costa Miño e nas principais avenidas do municipio.

Os obradoiros contan con 20 prazas dispoñibles

Máis de 372.000 euros para reforzar os servizos sociais, mellorar os camiños e sufragar o gasto corrente

O goberno local de Miño repartirá o importe do Plan Único 2022 asignado pola Deputación da Coruña en tres vertentes moi importantes dentro do municipio: os servizos sociais, os camiños e infraestruturas e o gasto corrente.

Dentro do apartado creado para sufragar gastos sociais extraordinarios xerados pola COVID-19, o concello destinará 53.431,59 euros do plan, máis 17.945,57 euros aportados polas arcas municipais, para reforzar os servizos sociais do Concello. O obxectivo é contratar máis persoal técnico e administrativo para axilizar a atención aos usuarios e usuarias.

Doutra banda, usaranse 178.039,14 euros para financiar gasto corrente e 123.450,82 euros para un proxecto de acondicionamento de camiños en Callobre, Bemantes e Carantoña. A cuantía será ampliada con fondos municipais para poder realizar outras obras de pavimentación, abastecemento e saneamento en todas as parroquias do concello.

Plan Único POS+

O Plan Único contempla partidas para mellorar o benestar da veciñanza

Avanzan os trámites para a construción dunha gran superficie comercial en Costa Miño

O proxecto permitirá cubrir un servizo básico para a veciñanza, dinamizar a economía local e crear novos postos de traballo.

A parcela en licitación conta con 3.511,98 metros cadrados de superficie

Costa Miño está cada vez máis preto de contar cunha superficie comercial demandada pola veciñanza ante á falta de puntos de venda de alimentación na zona. Un proxecto que poderá materializarse tras sacar o concello á licitación pública unha parcela de titularidade pública.

A superficie adxudicada para a construción e explotación dun supermercado ou centro comercial na urbanización Costa Miño conta con 3.511,98 metros cadrados. Poderá constar de soto, baixo e unha planta e contar con 68 prazas de aparcamento.

O canon para a adxudicación deste dereito de superficie sobre a parcela é de 43.560 euros anuais, uns ingresos que irán destinados ás arcas públicas municipais.

Ademais de dinamizar a economía local e crear novos postos de traballo, este novo servizo cubrirá unha necesidade presente na veciñanza e contribuirá a consolidar o enorme crecemento de Costa Miño nos últimos anos.

Derrogación definitiva

O concello avanza para levar a cabo a derrogación formal da Entidade de Conservación de Costa Miño. Creada en 2014 para a xestión, conservación e mantemento dos espazos púbicos desta urbanización, a entidade non exerce ningunha función. As arcas municipais levan anos sufragando os custes derivados destes espazos libres e de uso deportivos.

O goberno local garante a solvencia económica cun remanente histórico de 1,9 millóns de euros

A liquidación orzamentaria do exercicio 2021 é un claro reflexo da boa xestión política e económica por parte do goberno local.

Os últimos datos amosan o cumprimento dos obxectivos financeiros ás cheas, cuns resultados históricos en canto ao incremento do remanente de tesourería municipal.

No ano 2018 o remanente situábase en 0,4 millóns de euros, unha cifra que hoxe en día é catro veces superior. Froito dunha equilibrada xestión, o remanente do 2021 está en 1,9 millóns de euros, superando os 1,3 millóns rexistrados en 2020.

Coas arcas municipais ben nutridas a base de esforzo, sen aumentar impostos nin recortar servizos municipais, o Concello de Miño goza dunha maior solvencia económica para facer fronte ó pago da débeda contraída co Ministerio de Facenda. Un pago que empezará a abonarse a partir do 2023.

Gráfica da evolución do remanente de tesourería no Concello do Miño

Miño pide axuda a UE para financiar o seu plan de sostenibilidade

O goberno local vén de solicitar fondos europeos para financiar o seu ambicioso plan de desenvolvemento urbano sostible. Cun orzamento de dous millóns de euros, o proxecto pretende reducir o consumo de enerxía dos edificios municipais e fomentar a mobilidade sostible. O plan abarca medidas tan diversas como a mellora dos itinerarios peonís e ciclistas e a aposta por vehículos municipais eléctricos. O paquete de medidas podería ser financiado polo programa europeo DUS 5000 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia tras solicitarse a subvención.

O proxecto da nova praza da Fonte está cada vez máis preto de materializarse

A obra de renovación conta cun orzamento de 115.000 euros procedentes do Plan Único 2022

A antiga praza da Fonte ten os seus últimos días contados. O histórico espazo público terá moi pronto un aspecto completamente renovado debido as obras de mellora que empezarán proximamente a executarse. O proxecto ten luz verde e os planos da reforma xa están aprobados, abarcando a ordenación de usos e do espazo de aparcamento, a mellora dos camiños que acceden á praza, a segregación do tráfico rodado do peonil e a renovación do pavimento.

Ademais de remediar as carencias estruturales que presenta o espazo, as obras servirán para mellorar as condicións estéticas da praza. A plantación de novas especies arbóreas e a reparación da pista multiúsos serán algunhas das actuacións necesarias para construír un espazo agradábel e cómodo para a veciñanza.

A praza da Fonte terá un aspecto totalmente novo

Os planos do proxecto xa foron aprobados

A obra de renovación está valorada en 115.401 euros

As novas cunetas da DP-4802

Obras na estrada DP-4802

A Deputación da Coruña acometeu os traballos de renovación de cunetas na estrada DP-4802, que une Perbes e San Xoán. Unha obra que tamén se executou no mesmo sentido na estrada DP-4803, á altura da praia de Lago co obxectivo de incrementar a seguridade.

Beirarrúas en Loios para mellorar a seguridade vial

O goberno local continúa traballando para mellorar a accesibilidade e a seguridade vial do municipio con diversas obras e actuacións.

Neste caso, a atención céntrase na rúa Loios, onde moi pronto empezará a executarse o proxecto de construción de beirarrúas. A zona peonil situada nas inmediacións do restaurante Carboeira está delimitada con sinais pintadas na estrada, polo que o obxectivo é dotala de beirarrúas para crear un espazo apartado do tráfico rodado.

As obras servirán para mellorar a accesibilidade na zona

Obras de mellora en Ponte do Porco

A nova rampla salvará o desnivel

O Concello ten como obxectivo mellorar a accesibilidade en Ponte do Porco coa construción dunha escaleira e unha rampla para salvar o desnivel existente entre a senda peonil e a beirarrúa superior ao carón da N-651. O proxecto conta cun orzamento de 36.795,07 euros.

O goberno local mobiliza 1,4 millóns de euros para obras

A través dunha modificación do orzamento sufragaranse 11 proxectos

No pleno celebrado o pasado 16 de xuño o goberno local presentou un ambicioso plan de investimentos que permitirá mobilizar un total de 1,4 millóns de euros para realizar obras en todo o municipio.

Esta modificación orzamentaria é posible grazas ao remanente de 1,9 millóns de euros resultante da liquidación obtida no exercicio 2021 e co que se sufragarán 11 proxectos de mellora da seguridade viaria, servizos e infraestruturas. O lote de melloras inclúe: reafirmado de camiños en Perbes e Miño; acondicionamento de camiños en Miño, Castro, San Xoán e Perbes; pavimentación Costa Sabugueiro; pasos sobreelevados en Miño e Costa Miño; mellora da accesibilidade na rúa Loios; pavimentacións en As Cobelas-Bemantes, camiño real en Bañobre e camiño de Ar en Buíña; acondicionamento de praza en camiño da Fonte; rede de abastecemento e saneamento en Visouteiro; financiamiento do proxecto de renovación da iluminación; reforma do Club Náutico e construción dunha rampla en Ponte do Porco.

Manuel Vázquez Faraldo destaca que "a pesar da situación de débeda que nos atopamos, a xestión que estamos levando a cabo permitiu aumentar un remanente que agora fai posible que levemos a cabo este paquete de obras que mellorarán a vida dos cidadáns en todas as parroquias do municipio".

1. Renovación das instalacións de alumeado (539.726,84 euros)
2. Acondicionamento de camiños en Miño, Castro, San Xoán e Perbes (236.132,59 euros)
3. Reforma e ampliación do Club Náutico (130.542,70 euros)
4. Acondicionamento de praza en camiño da Fonte (115.401,03 euros)
5. Reafirmado de camiños en Perbes e Miño (63.181,69 euros)
6. Red de abastecemento e saneamento en Visouteiro (63.181,69 euros)
7. Pavimentacións nas Cobelas-Bemantes, Camiño Real en Bañobre e camiño de Ar en Buíña (63.181,69 euros)
8. Mellora da accesibilidade na rúa Loios (47.981,47 euros)
9. Pavimentación Costa Sabugueiro (45.273,94 euros)
10. Rampla peonil en Ponte do Porco (36.795,07 euros)
11. Pasos sobreelevados en Miño e Costa Miño (36.744,84 euros)

O plan de investimentos para 2022 avanza a bo ritmo

O goberno local de Miño elaborou un plan de investimentos para o ano 2022 que alcanza preto de 4 millóns de euros. Ademais do suplemento de crédito de 1,4 millóns de euros, xa está en marcha a tramitación dunha serie de proxectos que, en total, alcanzan un orzamento de medio millón de euros, e aínda quedan outros por ver a luz.

Estas actuacións teñen que ver coa mellora da seguridade viaria e de accesibilidade tanto para vehículos como para peóns en diferentes puntos do municipio.

1. Reafirmado de Barbeita a Aldea de Vigo
2. Reafirmado de Aldea de Vigo a DP-4804
3. Reafirmado da DP-4804 a Peñascal
4. Reafirmado da DP-0906 a Requeixo
5. Reafirmado da DP-0906 a Aldea Cachufeira
6. Reafirmado en Ansimonde
7. Reafirmado da AC-160 a Padrín
8. Reafirmado da DP-0906 a A Torrelonga
9. Reafirmado no Camiño Real
10. Reafirmado en As Cobelas
11. Reafirmado no camino de Ar en Buíña
12. Aglomerado e fresado nas parroquias e no casco urbano
13. Reparación de afundimento no Camiño Real
14. Reafirmado no camino da Pedreira, Leiro
15. Reafirmado no camino de Muradas a Pedregal, Sombreu
16. Reafirmado no Couto
17. Reafirmado no Curro e Fondal
18. Reafirmado en Nigrofe
19. Reafirmado en Sambollo
20. Reafirmado na Torre
21. Reafirmado en Sombreu
22. Reparación das lousas dos bordos nas rúas Barrosa, Carreira e Raxel

Aglomerado en Costa Miño

Reparación de lousas

A alternativa verde para Monte Piñeiro mellorará a mobilidade

Prevense novos accesos á urbanización que a conectarán co casco urbano e a AP-9

Había que facer algo con Monte Piñeiro. O goberno local logrou darlle a volta ao planeamento inicial previsto para este ámbito e, adaptándoo á lexislación vixente, deseñou unha alternativa verde que o converterá no pulmón e no gran parque verde de Miño e que, ademais, mellorará a mobilidade en todo o municipio.

Así, o documento, que está en trámite de avaliación ambiental, contempla accesos á nova urbanización de Piñeiro pola rúa Cobo, na parte superior da rúa Marismas, na travesía da praia, ao inicio da rúa Extremeiro e ao final da saída da AP-9 cunha rotonda que conecta co interior da urbanización. Estas vías permitirán desconxestionar de tráfico a estrada da praia, que quedará ao marxe da modificación proposta.

Mapa da nova urbanización e os seus accesos

O GRAN ESPAZO VERDE

Na nova alternativa proposta o Monte Piñeiro quedará libre de edificacións para o uso da cidadanía. Predominarán as zonas verdes, coa creación dun gran parque central, e fomentarase a mobilidade sostible a través de itinerarios peonís e para ciclistas.

Con respecto ao anterior modelo: **redúcense o número de vivendas**, de 750 a 300, e **resérvanse 58.000 m² de zonas verdes**, unha previsión moi superior ao establecido por lei, que é de 12.712 m².

En canto aos **equipamentos públicos** que se detallan nesta nova folla de ruta, prevese a reserva de espazo para un edificio multiusos con piscina e resérvase outro preto da praia. Ademais, complementaranse os usos permitindo que se poidan establecer **pequenos comercios nos baixos** das edificacións.

Nova rede de suministro de auga en Outeiro



Plano da actuación

A rede xeral de auga do municipio ten unha antigüidade superior aos 40 anos, polo que as roturas e os fallos no servizo eran constantes, case sempre na época de verán. Para facer fronte a esta situación o Concello de Miño decidiu renovar diferentes tramos desta infraestrutura.

No pleno da Deputación da Coruña celebrado no mes de maio aprobouse un convenio entre a administración provincial e o Concello para a renovación da rede de abastecemento en Outeiro, Sombreu. A actuación, que conta un orzamento de 200.377,84 euros permitirá substituír a rede actual de fibrocemento por unha de fundición e a renovación total do pavimento nos tramos onde se levarán a cabo as obras, cun prazo de execución de dous meses.

Infografía do paso da nova rede

A nova rede de saneamento da Prata, cada vez máis cerca

O lugar da Prata contará nun curto espazo de tempo con rede de saneamento, un servizo esencial que o goberno local quere estender a todo o municipio.

O proxecto, que ten un orzamento de 137.882,49 euros e que está financiado a través do Plan Único da Deputación da Coruña, xa está adxudicado e consiste na execución dun colector xeral de sumidoiros na Prata, na parroquia de Miño. Os traballos inclúen a instalación de tres tubaxes, unha de PVC de 250 mm. de diámetro para saneamento e pluviais, outra de PVC de 315 mm. de diámetro para saneamento e, a última, de PEBD para impulsión de 110 mm.

Plano da nova senda

Case 2 millóns de euros de investimento para recuperar o espazo dunar da Praia Grande

Costas sacou a exposición pública o proxecto para rexenerar e protexer este espazo natural

A recuperación do espazo dunar da Praia Grande de Miño é unha vella demanda do municipio, que pronto se verá cumprida grazas ao investimento de preto de 2 millóns de euros que o Ministerio de Transición Ecolóxica, a través da Demarcación de Costas, prevé para a zona.

Durante o mes de marzo o proxecto de rexeneración e protección deste espazo natural estivo a exposición pública, tanto na casa do concello como na web do Ministerio, o proxecto, e agora deberán resolverse as alegacións presentadas antes de dar luz verde á súa licitación e posterior inicio dos traballos. Esta actuación terá beneficios medioambientais e, á súa vez, para os veciños e veciñas de Miño e tamén para os usuarios do areal xa que permitirá: recuperar o terreo do antigo campo de fútbol, demolendo o actual e integrando esta superficie na contorna das marismas; cambiar a pasarela de madeira da praia, que a día de hoxe en moitos tramos presenta deficiencias que a fan insegura para os peóns; e eliminar plantas invasoras.

Neste último caso, só se tallarán as árbores da zona dunar, xa que son perxudiciais para este ecosistema, e no paseo só se tallarán as especies invasoras e as que teñan algunha enfermidade que supoña un risco para os peóns. Nos planos do proxecto adxuntos pódese apreciar o que se vai a tallar (puntos morados) e os tocóns que se eliminarán (círculos laranxas). No resto non se actuará.

Demolerase o campo de fútbol, renovarase o paseo e eliminaranse as especies invasoras

Manuel Vázquez Faraldo explica que "cremos que este proxecto é unha gran nova". "Poderanse ver beneficios como a instalación dunha rampa ao carón da caseta de socorrismo para mellorar a accesibilidade ou a substitución da pasarela de madeira por outra dun material máis acorde coa contorna, máis fácil de manter e que solucionará os problemas de seguridade actuais", afirma.



Plano 1



Plano 2



Plano 3

O Concello busca fórmulas para retomar as obras no Club Náutico

O aumento do prezo dos materiais encareceu a reforma en 123.000 euros

O Concello de Miño está decidido a retomar as obras de reforma do Club Náutico, que comezaron a finais do 2021 e agora están paralizadas pola situación da empresa contratista.

Desde que o director de obra presentou a acta de cesamento dos traballos tras a incomparecencia dos traballadores por diversos problemas alleos ao proxecto, os técnicos municipais están a estudar todas as fórmulas para poder finalizar as obras canto antes.

No seu último intento por evitar que as obras continúen estancadas, o Concello reuniuse coa Xunta buscando a ampliación do convenio para sufragar o aumento dos custes. As obras, financiadas ao 66% pola Secretaría Xeral do Deporte e ao 34% polo Concello, están a superar o seu orzamento inicial en 123.000 euros debido ao aumento dos prezos. Tras a reunión, a Secretaría comprometeuse a aportar 10.000 euros. Unha colaboración que o concello agradece e agarda que poda ampliarse nun futuro.

O Concello busca fórmulas para sufragar o aumento do orzamento

As obras permanecen paralizadas tras comenzar a finais do 2021

Relucen os pasos de peóns de Miño tras as obras de mellora

O concello local continúa a súa aposta por garantir a seguridade vial a través dunha nova actuación nas estradas no municipio. Os pasos de peóns foron remarcados cunha nova capa de pintura co obxectivo de aumentar a súa visibilidade para camiñantes e vehículos. Os traballos de pintado comezaron nas zonas que máis o precisaban, pero continuarán ata cubrir todas as vías do municipio.



Os pasos de peóns de Miño xa lucen un aspecto completamente renovado

A iniciativa ten como obxectivo mellorar a seguridade vial

Os parques infantís, a punto para o comezo do verán

O curso escolar está a piques de rematar e son moitos os nenos e nenas que gozan do verán xogando nos parques infantís de Miño. Turistas e locais aproveitan as horas menos calorosas para divertirse e socializar nestes espazos adaptados para eles. Co obxectivo de garantir a seguridade e as boas condicións dos parques, o Concello destinou un orzamento de arredor de 15.000 euros para acometer os traballos de mantemento e reposición de sete parques infantís do municipio. As actuacións executáronse no de Rabazal, o do Porto, o que está situado no local social de Bemantes, o de Viadeiro, o de San Xoán, o da escola unitaria de Perbes e, por último, no de Leiro.

O Parque do Porto foi un dos 7 parques infantís reformados

O Concello aposta polo aforro enerxético cun ambicioso plan para renovar o alumeado público

O proxecto contempla a renovación dun total de 3.494 puntos de luz e suporá un aforro enerxético do 70,75% da factura

O goberno local está traballando para renovar o alumeado público de todo o municipio a través dun ambicioso proxecto. Cun orzamento de 3,8 millóns de euros, trátase dunha aposta firme que ten como obxectivo acadar un aforro enerxético do 70,75% da factura e reducir a contaminación lumínica.

Do orzamento total, 1.8 millóns de euros serán financiados por unha subvención concedida por parte do Instituto para a Diversificación e o Aforro de Enerxía (IDAE), a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

O proxecto de renovación do alumeado público conta cun orzamento de 3,8 millóns de euros

A actuación, que será realizada pola empresa adxudicataria da concesión tras salir o proxecto a licitación pública, permitirá renovar completamente toda a iluminación do municipio. Un total de 3.494 puntos de luz que contarán con luminarias tipo LED en substitución das actuais lámpadas de vapor de sodio, haluro metálico ou vapor de mercurio. Ademais, inclúe a actualización dos 89 cadros eléctrico.

Comezou a 1º fase de renovación de bancos en todo o municipio

Nesta primeira actuación instaláronse 40 novos bancos en distintos puntos e continuarase máis adiante, segundo a dispoñibilidade económica e as necesidades da veciñanza.

Rematados os traballos de reforma do colector de saneamento na base de Protección Civil

A actuación incluiu a renovación das tubaxes en todo o tramo e a nova pavimentación da zona afectada polas obras.

Os rincóns máis bonitos de Miño, ao descoberto na nova páxina web de turismo

O novo portal web ten como obxectivo atraer ó municipio viaxantes e peregrinos durante todo o ano

O catálogo de recursos turísticos da localidade de Miño é cada vez máis amplo e diverso. As paradisíacas praias da zona xa non son o único gran aliciente para os visitantes, sendo os entornos boscosos o novo atractivo para moitos turistas.

A Fraga do Xarío, a Senda dos Sentidos e a senda dos Muíños do río Xarío son algunhas das novas incorporacións que converten a localidade nun destino ideal para os plans de natureza en familia en calquera época do ano. Un concepto de turismo reforzado polo cada vez máis transitado Camiño Inglés. O rico patrimonio etnográfico e a exquisita gastronomía de Miño son outros dos piares da nova páxina web, que recolle toda a información sobre establecementos onde comer e aloxarse no municipio.

A nova páxina web de turismo xa está en funcionamento

O Camiño Inglés xa luce as novas fontes de auga potable

O tramo do Camiño Inglés que pasa polo Concello de Miño xa conta con dúas novas fontes con tratamento de filtración por carbón activo. Cada unha delas está situada nas áreas de descanso de Buíña e Ponte Baxoi e forman parte do proxecto 'Life Water Way' da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Unha iniciativa que ten como obxectivo dotar ao Camiño dunha rede de fontes públicas para abastecer de auga potable ós peregrinos.

As fontes instaladas teñen tratatemento de filtración por carbón activo

A nova fonte instalada na área de descanso de Ponte Baxoi

A nova fonte instalada na área de descanso de Buíña

Miño alardea dos seus encantos paisaxísticos durante a celebración da Feira Internacional de FITUR

A Senda dos Sentidos, a ruta Fraga do Xarío ou a dos muíños do río Medio, ademais das nosas praias, foron algúns dos atractivos que recolleu a revista de Turismo Coruña exposta na feira de FITUR, celebrada en Madrid do 19 ao 23 de xaneiro de 2022.

O Bolo Mariñeiro conquista os padais de Miño

O Bolo Mariñeiro foi creado polos hostaleiros de Miño dentro do programa de "Cociña Mariñeira" promovido polo Concello

A receita elaborada en Miño pódese degustar nos establecementos hostaleiros do municipio

Miño xa ten un novo prato estrela engadido no seu receitario local: o Bolo Mariñeiro creado polos hostaleiros da localidade durante a súa participación no programa "Cociña Mariñeira". Un proxecto de formación gastronómica que impulsou o concello e impartiu o cociñeiro Antonio Amenedo.

Precisamente, o chef foi o encargado de presentar o produto ante a veciñanza nun showcooking celebrado no parque da Rúa, a onde asistiron ducias de persoas atraídas pola nova proposta culinaria. Os fogóns comandados por Amenedo estiveron en marcha durante a xornada e foron moitos os afortunados que puideron catar este exquisito bolo recen feito. O éxito foi tan rotundo que, a partir de agora, o prato pódese consumir en numerosos establecementos hostaleiros de Miño.

A receita está feita con produtos locais da terra e do mar

Asistencia masiva ao showcooking presidido polo cociñeiro Antonio Amenedo no parque da Rúa

O evento gastronómico celebrouse no parque da Rúa

Decenas de persoas asistiron á degustación gratuita

Antonio Amenedo foi o titor do programa "Cociña Mariñeira"

O cociñeiro Antonio Amenedo elaborou a receita en directo

UNHA RECEITA PARA ENXALZAR OS PRODUTOS LOCAIS

O Bolo Mariñeiro é unha exquisita receita elaborada con produtos de proximidade. É un reflexo da riqueza da terra e dos mares galegos, sendo unha fusión de ingredientes 100% frescos e autóctonos. Está composto por un bolo de pan artesán recheo dunha crema feita a base de produtos como a cebola chata, as ameixas ou berberechos da ría. Pode presentar diversas variantes, pero sempre leva un toque de queixo por enriba e vai ao forno uns minutiño antes de ser degustado.

A Praia Grande é un dos areais máis visitados durante o verán

Miño prepárase para afrontar a tempada de verán con praias limpas e seguras

A nova pasarela de Perbes e a renovación dos baños de praia Grande destacan entre as novidades

As praias de Miño están listas para afrontar un novo verán tras realizarse varias actuacións de mellora e limpeza, así como a incorporación de persoal para garantir a calidade de todos os servizos.

A época estival contará co reforzo de 28 traballadores, entre eles 14 socorristas, catro controladores de aparcamento, dous limpadores de baños, dous auxiliares de Policía Local, un técnico de turismo e cinco operarios. O persoal prestará o seu servizo nunhas instalacións que foron postas a punto para a ocasión. Non so pola limpeza e as tarefas de mantemento que se levan a cabo cada ano, senón tamén polas importantes reformas que se fixeron despois de anos de demanda.

Nova pasarela en Perbes

A deteriorada infraestrutura de madeira da praia de Perbes finalmente foi substituída por unha nova pasarela que garante a accesibilidade e, a súa vez, consigue adaptarse esteticamente á contorna na que se sitúa.

Ademais, as melloras tamén chegaron á praia Grande, onde se executou unha completa renovación dos baños que estaban en mal estado e filtraban auga no interior.

O material da nova pasarela adáptase perfectamente ao entorno


Os novos baños de Praia Grande cubrirán un servizo moi importante

A pasarela de Perbes levaba moito tempo en mal estado

O Concello esixe o cumprimento do servizo de buses ante á Xunta

O servizo empeorou en xaneiro do 2021 tras o cambio da empresa concesionaria

Conseguíronse novos horarios, pero aínda hai eivas no servizo de autobuses

O goberno local deu un paso adiante para garantir o correcto funcionamento do servizo de transporte interurbano. A través dunha moción, presentada pola agrupación municipal socialista, o Concello solicitou á Xunta de Galicia a reposición inmediata das paradas e liñas suprimidas desde o 10 de xaneiro, así como o aumento de frecuencias dos autobuses.

Desde principios do 2021, coincidindo co cambio da empresa adxudicataria do servizo de transporte interurbano de viaxeiros, están a recibirse innumerables queixas por parte dos veciñas e veciños da comarca ante os incumprimentos de horarios e a supresión de paradas sen previo aviso. Os concellos da comarca de Betanzos xa levan tempo contactando coa Consellería de Mobilidade para reclamar que se cumpran as condicións marcadas polo prego de licitación deste servizo. Tras conseguir algunhas melloras, todos os municipios das comarcas do Eume e Ferrol iniciaron unha recollida de sinaturas para esixir que o servizo de transporte público por estrada sexa útil e eficaz para a súa veciñanza.

As conexións móbiles máis veloces chegan a Miño

As principais operadoras de telefonía móbil xa comezan a ofrecer en Miño servizos móbiles de nova xeración, 4 G e 5 G, nas bandas de 700 e 800 MHz.

En plena era dixital, trátase dunha gran noticia porque permitirá á veciñanza e ás empresas gozar de servizos de datos móbiles de alta velocidade e mellorar a cobertura no interior de edificios.

Para garantir a compatibilidade da nova tecnoloxía coa televisión dixital terrestre (TDT), Llega700 é a entidade posta en marcha polos operadores para solucionar calquera afectación na recepción do sinal de televisión a través do seu servizo de atención telefónico gratuíto: 900 833 999.

O persoal municipal fórmase para actuar en situacións de emerxencia

O persoal do Concello de Miño participou nun curso para o manexo do Desfibrilador Externo Semiautomático (DESA), un aparato deseñado para reanimar a unha persoa tras un infarto. A través desta formación, o persoal municipal poderá estar preparado para reaccionar ante unha situación de emerxencia.

Pídese ao Sergas que reabra a porta do ambulatorio desde a rúa Carreira

A porta de entrada ao centro de saúde desde a rúa Carreira permanece pechada pese a ser un importante acceso que melloraría as condicións de accesibilidade ao inmoble. É o punto que ofrece máis facilidades para o acceso de persoas con mobilidade reducida e o estacionamento de vehículos, incluíndo un aparcamento subterráneo que permite a entrada directa ao centro. Conscientes disto, o goberno local solicitou ao Sergas a reapertura da porta pechada desde a pandemia, sendo a da rúa da Galea a única habilitada na actualidade.

Porta de acceso desde a rúa Carreira

Está pechada desde a pandemia

Campaña para solucionar os problemas causados polo cambio do roteiro municipal

As rúas e lugares de Miño xa lucen a nova sinalización cos seus nomes

Os trastornos causados pola modificación do rueiro municipal, realizada nos anos 2014 e 2016, continuaban existindo ata fai pouco tempo. O cambio da numeración de vivendas e dos nomes de rúas e lugares do municipio desataba a confusión entre a veciñanza. Un problema que tamén afectaba a Correos e as empresas de reparto, pero que xa se resolveu tras a última iniciativa posta en marcha polo concello.

Agora, xa se colocaron os novos carteis dos lugares e rúas e, á vez, enviáronse cartas ás vivendas afectadas con todos os datos para facilitar a actualización das direccións.

A Avenida Carmen Estévez xa está sinalizada

Nova sinalización en Fondal

Nova sinalización en Arbosa

Aviso para aparcar na Zona Ora

O servizo é gratuito

Desde o consistorio local recordan que o servizo de aparcamento na zona ORA do Casco Urbano de Miño é gratuíto, pero o regulamento establece que o tempo máximo de estacionamento é de 90 minutos. A hora de chegada e saída débese indicar a man nun papel ou co disco de aparcamento que se entrega de balde no Concello.

O tráiler de 'Coidados porta a porta' visita a pista de Rabazal

As persoas maiores de Miño tiveron a oportunidade de acudir a unha consulta cos profesionais sanitarios da unidade móbil de 'Coidados porta a porta', instalada durante varios días na pista polideportiva de Rabazal.

Trátase dunha iniciativa posta en marcha pola Xunta de Galicia para levar servizos especializados a todos os rincóns de Galicia. O tráiler conta con consultas de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria completamente gratuítas para as persoas maiores de 55 anos.

A unidade móbil instalouse na pista polideportiva de Rabazal

Charlas sobre aforro enerxético

Cartel da última charla impartida

A Xunta de Galicia organiza os "Venres de Consumo Responde", unha iniciativa periódica que comprende xornadas telemáticas abertas relacionadas co aforro enerxético. Algunhas das charlas máis destacadas foros as centradas nos novos servizos de telefonía e internet ou no comercio electrónico.

Miño tínguese de morado para reivindicar o 8-M

As pistas de Rabazal acolleron un posto informativo onde a veciñanza compartiu as súas proclamas feministas

A poboación de Miño volveu a amosar un ano máis a súa enorme implicación na loita pola igualdade de xénero. Co motivo da celebración do 8-M, as pistas de Rabazal acolleron un posto informativo no que se puido aprender máis sobre o machismo que aínda existe na sociedade. Ademais, o espazo contou cun photocall onde persoas de distintas xeracións se xuntaron para compartir a súas proclamas feministas e reivindicar o Día da Muller.

Luciron carteis reivindicativos

A proposta foi moi ben acollida

O posto informativo foi instalado nas pistas de Rabazal

Pequenos e maiores se sumaron á iniciativa

O alumnado celebra o Día de Rosalía en plena natureza

Mostra do gaiteiro Marcos García

Os centros educativos de Miño conmemoraron o Día de Rosalía cunhas xornadas en plena natureza. O alumnado do CPI Castro Baxoi, achegouse ata o parque de Telle para recitar algúns dos seus poemas e a rapazada do CEIP de Bemantes gozou coa interpretación da Alborada de Rosalía a cargo do gaiteiro Marcos García.

Interpretou a Alborada de Rosalía

Xeado, música e teatro para celebrar o Día das Letras Galegas

O Concello de Miño celebrou este ano o Día das Letras Galegas con xeado, música e teatro. Desde as 12:00 horas, o Auditorio do Parque da Rúa acolleu degustacións de Bico de Xeado, a actuación de ACRD O'Castro e Trémola Teatro.

Miño sube a bordo do autobús do teatro

O pasado 23 de abril o autobús do teatro pasou por Miño con destino ao Salón Teatro de Santiago, onde se representaba a obra 'Ás oito da tarde, cando morren as nais' do Centro Dramático Galego. Por 6 euros, os veciños e veciñas puideron gozar dunha xornada cultural con todas as comodidades.

Conta atrás para a I Feira da Cultura de Miño

O 30 e 31 de xullo, Miño acollerá este evento adicado a autores/as noveis

Este verán, a literatura novel terá un espazo propio de reivindicación coa celebración da I Feira da Cultura de Miño. Será un evento adicado a autores e autoras autoeditadas, ou de pequenas editoriais, que pese a non contar co apoio de grandes compañías, xa teñen miles de seguidores en toda España. É o caso de Rober L. Cagiao, autor da saga "El Guardián de las flores", e outros nomes como Lúa Mosquetera, Arantza Portabales, Ana Lena Rivera ou Beto Luaces. O evento que terá lugar do 30 ao 31 de xullo tamén contará con actuacións para todas as idades.

O traballo de Lúa Mosquetera será recoñecido no evento

Música, danza e xogos infantís para celebrar San Pedro 2022

O verán xa está aquí e as festas de Miño regresan con máis forza que nunca do 25 ao 30 de xuño. As orquestras Nueva Fuerza, La Favorita e Panama serán as encargadas de amenizar as veladas máis longas, aínda que tamén queda sitio para os pasarrúas e as sesións vermús. A gran festa infantil do 27 de xuño e as atraccións instaladas o mesmo 30 completan un cartel de actividades aptas para toda a familia.

Cartel de actividades para as festas de San Pedro 2022

O Entroido encheou as rúas do municipio de alegría e cores

O grupo Latexo Percusión sumouse ao desfile de entroido

O Entroido volveu a Miño pola porta grande co tradicional desfile polas rúas da cidade. Baby Yoda, Chase, Mickey e Minnie Mouse subiron a bordo do tren infantil e bailaron ao ritmo de Latexo Percusión. Ademais os máis pequenos tamén puideron participar na segunda edición do concurso infantil de disfraces Castro Baxoi.

Os gañadores do concurso de disfraces recibiron os seus premios

Representación musical de Miño en Bélxica

As pandereteiras naturais de Miño, Lilaina, acudiron como invitadas ao primeiro concerto interpretado en Bélxica dentro do proxecto "Galicia" do gaiteiro belga Benoît Kensier.

Miño homenaxea á deportista Rosa Sierra, dobre campioa de Europa de marcha

A recepción, aberta ao público, celebrouse no salón de plenos

Veciña de Bañobre, Rosa Sierra conseguiu unha dobre medalla de ouro no campionato de atletas máster de Europa celebrado en Braga o pasado mes de febreiro. Os éxitos conseguidos pola deportista local foron recoñecidos polo goberno municipal a través dun acto no que premiaron o seu esforzo e compromiso co municipio.

Rosa Sierra recibiu o seu premio conmemorativo

Na recepción proxectouse un vídeo dos últimos logros

María Filgueiras afianza a súa posición na Copa de España

María Filgueiras é unha das grandes promesas do ciclismo galego

A ciclista María Filgueiras, natural de Ponte do Porco, está afianzada nos primeiros postos do ranking da Copa de España Féminas Cofidis.

A principios de ano, tras proclamarse campioa de España de ciclocrós na categoría cadete, o goberno local quixo homenaxear á deportista, en recoñecemento ao seu traballo, esforzos e éxitos. Con anterioridade, xa alcanzara grandes resultados na Copa de España, na Copa de Galicia e no Campionato de Galicia de Ciclocross, demostrando ser unha das grandes promesas do ciclismo galego.

O campamento deportivo de verán volve un ano máis para favorecer a conciliación familiar

Durante as vacacións de verán son moitos os nenos e nenas que aproveitan as horas laborais dos seus pais e nais no campamento deportivo. Un ano máis, esta iniciativa promovida polo concello local favorece a conciliación familiar e laboral, ao mesmo tempo que ofrece unha alternativa de entretemento saudable para a rapazada de 8 a 14 anos a través da práctica de diversos deportes. Entre eles, paddle surf, kaiak, body board, fútbol, zumba, voley praia ou béisbol.

Os deportes acuáticos teñen moito protagonismo no campamento

O paddle surf e o body board foron algúns dos deportes máis practicados

Ábrese o prazo para solicitar as axudas comedor e de libros

Neste mes de xuño ábrese o prazo para solicitar as bolsas de libros-material escolar e comedor para o curso 2022-2023. O orzamento neste segundo caso increméntase co respecto ao ano pasado tras esgotarse a partida debido ao aumento de peticións. Co obxectivo de axilizar o proceso e resolver as axudas antes do inicio do curso, a convocatoria xa está aberta e abondará con aportar unha declaración xurada de matriculación no centro.

A Biblioteca renova o seu mobiliario para maior comodidade dos usuarios

A zona infantil protagonizou o gran cambio, aínda que a sala principal tamén conta con novidades

Desde o ano 2020 a Biblioteca Concepción Arenal de Miño foise renovando co obxectivo de garantir un mellor servizo aos seus usuarios. Sempre foi unha prioridade brindarlles un espazo agradábel, acolledor e cómodo onde poder practicar a lectura. Nesta última quenda de cambios, tocoulle á Sala Infantil renovar o seu mobiliario. Agora conta con novos asentos e un aspecto moito mais alegre para atraer a novos pequenos lectores. Ademais, a Sala Xeral tamén conta con algunha novidade.

O mobiliario da zona infantil foi renovada nesta última etapa de cambios

A sala principal tamén luce un aspecto diferente

O Club de Lectura EnCaMiño celebra o Día do Libro cunha mostra de obras recomendadas

Recomendacións polo Día do Libro

Coincidindo co Día do Libro celebrado o pasado 23 de abril, o Club de Lectura EnCaMiño organizou na Biblioteca municipal unha exposición das obras máis recomendadas. Todos os libros seleccionados forman parte do fondo da Biblioteca e están á disposición de préstamo para toda a poboación.

A xerosa doazón de Gonzalo Vázquez Pozo á Biblioteca

A Biblioteca Concepción Arenal recibiu a doazón dunha enciclopedia de historia "Larousse" e a colección completa dos números da revista "ECO-Revista do Eixo Atlántico", ambas aportacións mois xenerosas realizadas polo cofundador e director da revista durante 22 anos: Gonzalo Vázquez Pozo, que fixo entrega presencial dos arquivos. Licenciado en Filosofía e Letras e MBA, foi membro da directiva da Asociación Internacional de Estudos Galegos e un loitador activo a prol da devolución do Pazo de Meirás.

As pezas doadas pasarán a formar parte do arquivo da Biblioteca

O curso de monitorado volve a Miño tras 20 anos de parón

O alumnado do curso de monitorado xa recibiu a súa titulación

Tras dous décadas sen impartir o curso de monitorado, o concello de Miño volveu a recuperar este programa formativo destinado á mocidade. Unha iniciativa que pensa repetirse despois dos bos resultados acadados.

Segunda edición do curso "o meu can é un bo veciño"

Co obxectivo de mellorar a convivencia entre cans e cidadáns, o concello promoveu a segunda edición do curso "o meu can é un bo veciño", impartido pola Escola Canina Eloa K9.

O curso iniciou o 5 de marzo

A iniciativa foi promovida pola Asociación Española Contra El Cáncer (AECC)

A andaina partiu ás 10.30 desde a Praza do Parchís

Miño súmase á loita contra o cancro cunha gran andaina solidaria para recadar fondos

O pobo de Miño volveu a amosar unha gran solidariedade coa súa participación masiva na andaina benéfica organizada polo Concello de Miño e a Asociación Española Contra El Cáncer (AECC), a través da súa xunta local no municipio.

A carreira contou con 6,5 kilómetros de percorrido, pasando por Telle, Praia Grande, o porto, a Senda Dos Sentidos e o Ponte do Porco

A ruta circular contou con 6,5 kilómetros de percorrido

O prezo da inscrición foi de 5 euros para os adultos e 3 euros para os nenos

Os máis pequenos tamén participaron na iniciativa solidaria

O percorrido abarcou zonas de praia e de monte

Durante a carreira puidéronse adquirir produtos solidarios como camisetas

EN CaMiño

co pobo ucraíno,
no corazón

1. Apoio a Ucraína no campo de futbol de Gallamonde

O campo de fútbol de Gallamonde acolleu hoxe un partido entre o AD MIÑO B e o Maniños B no que se fixo un apoio explícito a #Ucraína no que participou o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo.

2. Recollida de alimentos e roupa

Hoxe sairán desde #Miño máis dun cento de caixas con roupa e produtos hixiénicos con destino a Ucraína para axudar ás persoas refuxiadas.
En total, irán 110 caixas de roupa, dous de cueiros e 18 de material médico.
Queremos agradecer a colaboración da veciñanza, que deu mostra da súa solidariedade. A vindeira semana volveremos enviar bens de axuda humanitaria.
A Asociación de Amas de Casa de Miño pagou o aluguer do remolque.